

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 26-16, 4a

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Cando veña o Paráclito que eu vos hei de mandar de onda o Pai, o Espírito da Verdade que vén do Pai, dará testemuño acerca de min; e tamén vós daredes testemuño, pois levades comigo desde o comezo.

Díxenvos estas cousas para que non vos escandalicedes.

Hanvos expulsar das sinagogas; e mesmo chega a hora en que todo aquel que vos mate, coide que está dando culto a Deus. E farán iso, porque non coñeceron nin ó Pai nin a min.

Mais díxenvos isto para que, cando chegue a hora, recordedes que xa eu volo tiña dito.»